

## TAREFA 2: "READING RECOMENDATIONS".



**MESTRA: OLALLA (Apoyo EI)**

**ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO CLUB DE LETRAS**

**CONTEXTO: 4º, 5º e 6º de educación infantil**

**CURSO: 2021/2022**

ÁMBITO CLUB DE LETRAS

1. IDENTIFICACIÓN			
TAREFA 2: "READING RECOMENDATIONS"			
ETAPA	EDUCACIÓN INFANTIL	NIVEIS	4º, 5º E 6º INFANTIL
ÁREA/S	ENFOQUE GLOBALIZADO	MESTRAS	OLALLA
2. DESCRICIÓN DA TAREFA			
<p>Durante esta tarefa afondaremos <b>nas emocións e sentimentos</b> do alumnado, traballaremos diferentes <b>valores transversais á escola</b>, como son a igualdade real entre mulleres e homes, nenas e nenos; a necesidade de recordar e utilizar as palabras bonitas ao noso redor; ou a autoconsciencia de como nos sentimos. Para traballar todo isto, dentro da sección "<b>Reading recomendations</b>" o que faremos será traballar cun conto en cada aula: <i>Que tal estás?</i> De Anthony Brown para 4º de infantil; <i>Vivan as uñas de cores!</i> De Alicia Acosta e Luis Amavisca para 5º de infantil e <i>La coleccionista de palabras</i></p>			

de Sonja Wimmer para 6º de infantil. Contamos con dous **PRODUTOS FINAIS RELEVANTES** da tarefa. En primeiro lugar a creación dun programa de radio quincenal no que contamos o sucedido na nosa sección READING RECOMENDATIONS, e que se completará coas seccións das demais tarefas do club de letras da escola. Está ubicado dentro da nosa radio escolar "A voz de Atenea". O segundo PRODUTO FINAL RELEVANTE será a creación dunha revista trimestral do club de letras, onde se recollan artigos de cada unha das tarefas nos grupos.

### 3. XUSTIFICACIÓN DA TAREFA

Nesta tarefa globalizada, implicaranse as tres áreas de Educación Infantil. Os ODS, 3 saúde e benestar, 5 Igualdade de xénero, 10 reducións das desigualdades e 16 paz, xustiza e institucións sólidas, serán os traballados durante o tempo que dure a tarefa. Traballarémolos a través do afondamento en valores transversais á escola e aos propios ODS. Durante esta tarefa todo o alumnado porá en mans da sociedade o seu produto final relevante, o programa de radio e a revista, que axudarán a que a información chegue máis alá dos muros da escola.

### 4. CONTEXTO

Aulas de 3 anos, 4 anos e 5 anos

5. ACTIVIDADES	INDICADOR AVALIACIÓN 1	INDICADOR AVALIACIÓN 2	INDICADOR AVALIACIÓN 3
<p><b>1. MOTIVACIÓN INICIAL</b></p> <p>Escoitamos o programa anterior e falamos sobre a nova sección</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>		
<p><b>2. LECTURA DO CONTO</b></p> <p>Lemos o conto:</p> <p>3 anos: <i>Que tal estás?</i> De Anthony Browne.</p> <p>4 anos: <i>Vivan as uñas de cores!</i> De Alicia Acosta e Luis Amavisca.</p> <p>5 anos: <i>A coleccionista de palabras</i> de Sonja Wimmer</p>	<p>Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	

<p>Despois da lectura do conto facemos un círculo no que resolvemos algunha pregunta ou damos a nosa opinión:</p> <p>3 anos: como te sentes?</p> <p>4 anos: as nenas e os nenos poden facer o mesmo?</p> <p>5 anos: cal é a túa palabra bonita favorita?</p>			
<p><b>3. RUTINA DE PENSAMENTO</b></p> <p>Tras isto faremos unha rutina de pensamento.</p> <p>3 anos: "VEXO, PENSO, PREGÚNTOME" cunha imaxe de <a href="#">"Perro semihundido" de Goya.</a></p> <p>4 anos: "VEXO, PENSO, PREGÚNTOME" cunha imaxe de <a href="#">Harry Styles</a> na que soamente se lle ven as uñas pintadas, os ollos e o cabelo.</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>		

<p>5 anos: "QUE PASARÍA SE....?" quedaramos sen palabras bonitas coma no conto.</p>			
<p><b>4. DEBUXAMOS A PORTADA DO CONTO</b> Debuxamos a portada do conto que lemos en cada aula.</p>	<p>Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...</p>		
<p><b>5. XOGAMOS CO ROBOT</b> Utilizamos un robot e un taboleiro baseado no conto que traballamos en cada aula.</p>	<p>Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.</p>		
<p><b>6. MOMENTO ARTÍSTICO</b> En cada unha das aulas terá lugar un momento artístico, dependendo da temática do conto e do traballado con el.</p>	<p>Participa con interese en actividades expresivas.</p>		

<p><b>7. GRAVAMOS!</b> Recomendamos o conto e contamos o que fixemos con el.</p>	<p>Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal ou xestual.</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	
<p><b>ACTIVIDADES</b></p>	<p><b>PASO 1</b></p>	<p><b>PASO 2</b></p>	<p><b>PASO 3</b></p>
<p><b>1. MOTIVACIÓN INICIAL.</b></p>	<p>1.1. <b>A radio.</b> Ao chegar á aula, antes de comezar a sesión e co alumnado sentado nun círculo, escoitamos a través dunha "radio" (unha caixa cun debuxo dunha radio e un altofalante dentro) o programa anterior do club de letras no que fixemos a nosa sección.</p>	<p>1.2. <b>Conversa.</b> Búscase unha conversa fluída sobre a radio, a sección, a onde chega o que gravamos e tamén presentar a nova sección que temos: reading recommendations.</p>	
<p><b>2. LECTURA DO CONTO</b></p>	<p><b>2.1. Lemos o conto</b> 3 anos: <i>Que tal estás?</i> De Anthony Browne.</p>	<p><b>2.2. Círculo</b> Despois da lectura do conto facemos un círculo no que</p>	

	<p>4 anos: <i>Vivan as uñas de cores!</i> De Alicia Acosta e Luis Amavisca.</p> <p>5 anos: <i>A coleccionista de palabras</i> de Sonja Wimmer</p>	<p>resolvemos algunha pregunta ou damos a nosa opinión:</p> <p>3 anos: como te sentes?</p> <p>4 anos: as nenas e os nenos poden facer o mesmo?</p> <p>5 anos: cal é a túa palabra bonita favorita?</p> <p>Buscamos activar o pensamento, a conciencia crítica do alumnado.</p>	
<p><b>3. RUTINA DE PENSAMENTO</b></p>	<p><b>3.1. Rutina de pensamento</b></p> <p>En <b>3 anos</b>: "VEXO, PENSO, PREGÚNTOME" cunha imaxe de <a href="#">"Perro semihundido" de Goya.</a></p> <p>Buscaremos falar de que lle pasa ao can, a quen mira, onde ten o corpo... todo isto despois de falar deixalos a elxs contestar ás principais preguntas da rutina:</p>		



	<p>que ves? Que pensas? Que te preguntas?</p> <p><b>En 4 anos:</b> "VEXO, PENSO, PREGÚNTOME" cunha imaxe de <a href="#">Harry Styles</a> na que soamente se lle ven as uñas pintadas, os ollos e o cabelo. Tras responder, falaremos sobre quen pode pintar as uñas, por que? Que cousas poden facer as nenas e que os nenos...?</p> <p><b>En 5 anos:</b> "QUE PASARÍA SE....?" quedaremos sen palabras bonitas coma no conto. Afondaremos en problemáticas actuais, nas que fan falta máis palabras bonitas.</p>		
--	---	--	--

<p><b>4. DEBUXAMOS A PORTADA DO CONTO</b></p>	<p><b>4.1. debuxamos a portada do conto</b> Utilizaremos un soporte para debuxar a portada do conto que lemos en cada aula</p>		
<p><b>5. XOGAMOS CO ROBOT</b></p>	<p><b>5.1. Xogamos co robot</b> Coa axuda do escornabot e dun taboleiro específico en cada aula, baseado no conto, afondaremos na historia do mesmo. Contestaremos a unhas preguntas para cada caso e o alumnado terá que levar ao escornabot á casilla axeitada. (4 e 5 anos)  No caso da clase de 3 anos, xogaremos con lanternas a levar</p>		

	<p>ao robot á imaxe que se corresponde coa dun bote máxico que só se descifra utilizando a lanterna.</p>		
<p><b>6. MOMENTO ARTÍSTICO</b> <b>(3 anos)</b></p>	<p><b>6.1. Pintar a música</b> Con diferentes músicas que nos fan sentir de diferentes modos (música triste, alegre, euforia...) pintamos nun papel continuo o movemento que nos desperta. Eu axudarei coma guía no proceso.</p>	<p><b>6.2. Tiramos fotos para o emocionario</b> Coa axuda de ipads e en dous grupos faremos fotos mostrando as mesmas emocións que o protagonista do conto. Despois verémolas todxs xuntxs na pantalla, para ver o que fixeron os compañeiros</p>	<p><b>6.3. Elaboramos o emocionario</b> Unha vez impresas as fotos clasificarémolas e vincularémolas cunha emoción. Una vez feito repartirémolas e cada un e cada unha pegará as que lle toquen nunha cartolina, que tamén decorará con gomets de cores.  Xuntarémolas e teremos o noso emocionario de aula que formará parte da biblioteca de aula.</p>

<p><b>6. MOMENTO ARTÍSTICO</b> <b>(4 anos)</b></p>	<p><b>6.1. Bonecas e bonecos recortables</b> Recortamos bonecas e bonecos de papel e colocámoslles roupas de oficios (bombeirx, astronauta, cociñeirx)</p>	<p><b>6.2. Festa de disfraces sen xénero</b> Aproveitamos que é entroido para facer una actividade de disfraces. Meteremos todos os que as nenas e os nenos traian a clase para que se disfracen compartíndoos e elixindo o que máis lles apeteza. Para que as eleccións sexan o menos estereotipadas posible, antes faremos una rutina de pensamento chamada é verdade que? Na que se propoñen afirmacións como: "o rosa é unha cor de nenas" e que iremos debatendo nunha asemblea.</p>	<p><b>6.3. Obradoiro: pintamos as uñas</b> Para rematar pintaremos as uñas libremente.</p>
--	--	---	--

<p><b>6. MOMENTO ARTÍSTICO</b> <b>(5 anos)</b></p>	<p><b>6.1. Nube de palabras</b> Facemos no ordenador unha nube coas nosas palabras bonitas</p>	<p><b>6.2. Soporte: a miña palabra bonita</b> Recollemos as palabras bonitas nun soporte: escribimos e debuxamos.</p> <p><b>6.3. Facemos pulseiras coas palabras bonitas</b> Coa axuda de abalorios con letras.</p>	<p><b>6.4. Modelamos con plasti a nosa palabra bonita</b> Modelamos a palabra bonita con axuda de plastilina, tanto poderán facer as propias letras coma un obxecto que teña significado para elas e eles.</p> <p><b>6.5. Cobran vida con chatter pix</b> Utilizamos a aplicación chatter pix para darlle vida á nosa escultura e xuntámolas todas nun thing link.</p>
<p><b>7. GRAVAMOS!</b></p>	<p><b>7.2. Gravamos o programa</b> Gravamos coa axuda do micrófono o programa: falamos da sección que temos, do que fixemos e do libro en cuestión (autor, argumento...)</p>		

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIZACIÓN
<b>1. MOTIVACIÓN INICIAL.</b> <b>1.1. A radio</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Altoparlante</li> <li>- Caixa forma radio</li> <li>- Link programa de radio</li> </ul>	<b>MARTES</b> 9.15 a 9.20
<b>1.2. Conversa</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pelota obxecto da palabra</li> </ul>	<b>MARTES</b> 9.20 a 9.40
<b>2. LECTURA DO CONTO</b> <b>2.1. Lemos o conto</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contos:</li> <li>- Que tal estás? 3 anos</li> <li>- Vivan as uñas de cores 4 anos</li> <li>- A coleccionista de palabras 5 anos</li> </ul>	<b>MARTES</b> 9.40 a 10.00

<b>2.2. Círculo</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	- Obxecto da palabra	<b>MARTES</b> 10.00 a 10.10
<b>3. RUTINA DE PENSAMENTO</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	- Soporte rutina	10.10 a 10:30
<b>4. DEBUXAMOS A PORTADA DO CONTO</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	INDIVIDUAL	- Soporte da actividade	<b>MARTES</b> 10.30 a 10.50
<b>5. XOGAMOS CO ROBOT</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	PEQUENO GRUPO	- Escornabot - Tarxetas de preguntas (4 e 5 anos) - Taboleiro - Botes e lantera (3 anos)	<b>v. paneis scrum</b>

<p><b>6. MOMENTO ARTÍSTICO (3 anos)</b> <b>6.1. Pintamos a música</b></p>	<p>Aula de 3 anos</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Papel continuo</li> <li>- músicas</li> </ul>	<p><b>XOVES</b> 9.35 a 9.50</p>
<p><b>6.2. Tiramos fotos para o emocionario</b></p>	<p>Aula de 3 anos</p>	<p>PEQUENO GRUPO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ipads</li> <li>- Conto</li> </ul>	<p><b>MARTES</b> 9.50-10.30</p>
<p><b>6.3. Elaboramos o noso emocionario</b></p>	<p>Aula de 3 anos</p>	<p>INDIVIDUAL</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cartolina</li> <li>- Pegamento</li> <li>- tesoiras</li> <li>- Fotos impresas</li> <li>-</li> </ul>	<p><b>XOVES</b> 9.30-10.00</p>
<p><b>(4 anos)</b> <b>6.1. Bonecas e bonecos recortables</b></p>	<p>Aula de 4 anos</p>	<p>INDIVIDUAL</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recortables</li> <li>- Tesoiras</li> <li>- Pegamento</li> </ul>	<p><b>XOVES</b> 10:00-10:40</p>



<b>6.2. Festa de disfraces sen xénero</b>	Aula de 4 anos	GRAN GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- disfraces</li> <li>- accesorios</li> <li>- Láminas é verdade que...?</li> </ul>	<b>MARTES</b> 10:00 a 10:40
<b>6.3. Obradoiro uñas de cores.</b>	Aula de 4 anos	GRAN GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pintaúñas</li> </ul>	<b>XOVES</b> 10:20-10-50
<b>(5 anos)</b> <b>6.1. Nube de palabras</b>	Aula de 5 anos	GRAN GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ordenador</li> <li>- Web nube de palabras</li> </ul>	<b>XOVES</b> 9:15-9:30
<b>6.2. Soporte a miña palabra bonita favorita</b>	Aula de 5 anos	INDIVIDUAL	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Soporte</li> <li>- Lápis</li> <li>- Cores</li> </ul>	<b>XOVES</b> 9:30-9-55

<b>6.3. Facemos pulseiras</b>	Aula de 5 anos	INDIVIDUAL	- Abalorios - Corda	<b>XOVES</b> 10:00-10:40
<b>6.4. Modelamos con plastilina a nosa palabra favorita</b>	Aula de 5 anos	INDIVIDUAL	- <b>Plastilina</b> - <b>Soporte palabra bonita</b>	<b>MARTES</b> 9:30-10:00
<b>6.5. Cobran vida con chatter pix</b>	Aula de 5 anos	INDIVIDUAL	- Ipads - esculturas	<b>MARTES</b> 10:00-10:30
<b>7. GRAVAMOS!</b> <b>7.1. Gravamos o programa</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	- Micrófono - Ipad - Conto	<b>XOVES</b> 9.15 a 9. 45

## 6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESCALA DE VALORACIÓN: A CUBRIR POLA MESTRA DE ÁMBITO PARA CADA ALUMN@

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DIRECTAMENTE OBSERVABLE	SEN DIFICULTADE	EN PROCESO	CON DIFICULTADE
- Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.			
- escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...			
- Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.			
- Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...			
- Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.			



- Participa con interese en actividades expresivas.			
- Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal ou xestual.			
- Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.			

## AVALIACIÓN FINAL POR PARTE DA COORDINADORA DE ÁMBITO

A coordinadora tomará nota ao longo das sesións que se van a desenvolver coa posta en práctica da tarefa e realizará unha avaliación diaria da propia práctica docente. Utilizará o soporte DIXITAL que aparece no seguinte link:  
[https://docs.google.com/forms/u/1/d/1uZqc3JOM693CG2dpHZDB3ukWFjq1YpQRc\\_rWxwbXcHk/edit?usp=drive\\_web](https://docs.google.com/forms/u/1/d/1uZqc3JOM693CG2dpHZDB3ukWFjq1YpQRc_rWxwbXcHk/edit?usp=drive_web)

### PANEL SCRUM DÍA 1

- LECTURA DO CONTO
- CÍRCULO: SÍNTOME...
- VEXO, PENSO E PREGÚNTOME
- EMOCIÓNS EN INGLÉS CON AMY
- DEBUXAMOS A PORTADA DO CONTO
- RELAXÁMONOS

### PANEL SCRUM DÍA 2

- RECORDAMOS O CONTO
- COMO TE SINTES HOXE?
- TABLEIRO E ROBOT
- PINTAR A MÚSICA
- RELAXÁMONOS

### PANEL SCRUM DÍA 3






- CÍRCULO: COUSAS QUE NOS FAN SENTIR BEN
- COÑECEMOS AS CÁMARAS E IPADS
- TIRAMOS FOTOS
- BINGO DAS EMOCIÓNS
- TOGA

### PANEL SCRUM DÍA 4

- ACABAMOS O NOSO EMOCIONARIO
- PEGAMOS AS FOTOS
- ESCOITAMOS O PROGRAMA DE RADIO
- GRAVAMOS O PROGRAMA DE RADIO
- CÍRCULO FINAL

### PANEIS SCRUM 3 ANOS

### PANEL SCRUM DÍA 1

- LECTURA DO CONTO 
- CÍRCULO 
- VEXO, PENSO E PREGÚNTOME 
- DEBUXAMOS A PORTADA DO CONTO 
- RELAXÁMONOS 





### PANEL SCRUM DÍA 2

- RECORDAMOS O CONTO 
- É VERDADE QUE..? 
- BONECAS E BONECOS RECORTABLES 
- RELAXÁMONOS 

### PANEL SCRUM DÍA 3






- XOGAMOS CO ROBOT 
- FESTA DE DISFRACES SEN XÉNERO 

### PANEL SCRUM DÍA 4





- ESCOITAMOS O PROGRAMA DE RADIO 
- GRAVAMOS O PROGRAMA DE RADIO 
- PINTAMOS AS UÑAS 
- CÍRCULO FINAL 

## PANEIS SCRUM 4 ANOS

PANEL SCRUM DÍA 1

- LECTURA DO CONTO 
- CÍRCULO 
- QUE PASARÍA SE...? 
- DEBUXAMOS A PORTADA DO CONTO 
- RELAXÁMONOS 

PANEL SCRUM DÍA 2

- RECORDAMOS O CONTO 
- FACEMOS A NOSA NUBE DE PALABRAS BONITAS 
- CUBRIMOS O SOPORTE 
- FACEMOS PULSEIRAS OU COLARES 

PANEL SCRUM DÍA 3

- MODELAMOS CON PLASTI 
- CHATTER PIX ÁS NOSAS MODELAXES 
- CRUZADAS 

PANEL SCRUM DÍA 4

- ACABAMOS AS CRUZADAS 
- PREGUNTAS E RESPOSTAS CO ESCORNABOT 
- GRAVAMOS O PROGRAMA 
- CÍRCULO FINAL 

PANEIS SCRUM 5 ANOS